



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

ACTA Nº 2021/6 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - PRESENCIAL, SÁBADO 30 DE OUTUBRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 10:02 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: Benigno Galego Castro

ASISTEN: Cándido Eusebio Prieto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegua Graña, María-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz, David Prada Aneiros e Patricia Santalla Pérez

SECRETARIA – INTERVENTORA: M^a Yolanda Ares Bao

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN , SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO REUNIDO O DÍA 27/08/2021 .**

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior .


- 2. RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 187/2021 DE 29 DE SETEMBRO DE ASUNCIÓN PROVISIONAL DAS FUNCIÓNS DE TESOURERÍA POLO SECRETARIO INTERVENTOR**

<<Visto o Decreto que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

As funcións de tesourería deste concello foron desempeñadas ata o mes de setembro do presente ano polo administrativo Daniel Rodríguez Fragueta que acaba de rematar a súa relación funcional co concello por mor da súa xubilación.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

Durante todo o mes de setembro intentouse a asunción destas funcións en réxime de acumulación por funcionario habilitado nacional, sen que ata o de agora fose posible o nomeamento que corresponde a Comunidade Autónoma.

Esta situación supón a necesidade de determinar de xeito inmediato, a fin de poder levar a cabo os pagamentos mensuais que se realizan neste concello nos últimos días de cada mes, e entre os que se atopan as nóminas do persoal, o xeito en que van a ser desempeñadas estas funcións, que son de existencia preceptiva por imperativo legal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 92.bis apartado segundo da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, redactado polo artigo 3 do R.D.-lei 10/2015, de 11 de setembro, supuxo un cambio no réxime de funcións asignadas aos secretarios interventores ao incluír dentro destas, ademais das propias da secretaría e intervención, as de tesourería.


A Disposición Transitoria 6ª do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, relativa ao réxime transitorio das funcións de Tesourería, dispón no seu apartado 3º que:

“Nas Corporacións Locais cuxa Secretaría está clasificada en clase 3.ª, excepcionalmente, a función de tesourería desempeñase polo titular do posto de Secretaría, a condición de que non sexa posible que dita función se exerza mediante agrupación de Tesourería, ou polas Deputacións Provinciais, Entidades equivalentes ou Comunidades Autónomas uniprovinciais, a través dos seus servizos de asistencia técnica, ou a través de acumulación ou a través dun posto de colaboración ou ben non sexa posible o seu desempeño por funcionario propio da Entidade local.”

Non contando na actualidade cunha agrupación aos efectos de sostemento en común dun posto único de Tesoureiro a que fai referencia o artigo 14.4 do mencionado RD 128/2018.

Non contando cun posto de colaboración, nin sendo posible que o persoal funcionario do concello, actualmente o traballador social, cuxas funcións nada teñen que ver con éstas, e un auxiliar administrativo que non pode desempeñar máis funcións das que xa ten asignadas e das que xa asumiu como consecuencia do cese do administrativo por xubilación, como as de secretario do Xulgado de Paz, recentemente encomendadas.

Non sendo posible que a Deputación asuma de xeito inmediato estas funcións por non contar con recursos suficientes e axeitados para atender estas necesidades nas condicións de inmediatez que



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

require a situación actual do concello. Dende o cese por xubilación do funcionario que as desempeñaba este concello non conta con Tesoureiro, sendo necesario que se realicen pagamentos que non se poden demorar, como os de nóminas, que ademais teñen carácter prioritario por imperativo da Lei.

Estando actualmente pendentes de resposta da consultada formulada á Dirección Xeral de Administración Local, concretamente á Subdirección Xeral de réxime xurídico local e ao Servizo de Réxime Xurídico e Xestión de Funcionarios con Habilitación Nacional, sobre a posibilidade de nomear a funcionario habilitado nacional en réxime de acumulación para o desempeño das funcións de tesourería.

Resultando, como se acaba de explicar, a imposibilidade de asunción destas funcións por ningunha das formas preferentes a que se refire a mencionada Disposición Transitoria 6ª do RD 128/2018.


Tratándose de funcións de carácter necesario que deben existir en todas as Corporacións Locais, tal e como impón o artigo 92.1 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, e sendo preciso que se leve a cabo a asunción destas funcións por funcionario que as desempeñe de xeito transitorio a fin de non prexudicar a marcha do concello que se atopa nunha situación crítica de persoal, en aplicación do artigo 21.1 h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a asunción provisional, en tanto non se concrete outra forma de prestación, das funcións de tesourería polo secretario interventor por disposición legal expresa do apartado 2º do artigo 92.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local e a Disposición Transitoria 6ª do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

SEGUNDO.- A presente resolución adóptase en condicións de urxencia, a fin de poder realizar de xeito inmediato os pagamentos de nóminas e facturas mensuais para non prexudicar a marcha do concello, deixando a salvo a tramitación do correspondente expediente de modificación de complementos salariais á vista da asunción de novas funcións e responsabilidades polo mencionado funcionario.

TERCEIRO.- Que o presente Decreto sexa ratificado polo Pleno da Corporación.
Documento aprobado polo alcalde, Benigno Galego Castro, do que eu, Mª Yolanda Ares Bao, como secretaria, dou fe»

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

PRIMEIRO.- Ratificar a resolución de Alcaldía nº 187/2021 de data 29 de setembro de 2021 nos termos exactos nos que se aprobou.

Cerdido, 27 de outubro de 2021.>>

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta se se vai crear a praza.

O Alcalde responde que a praza non está creada como tal. Estamos agardando a que nos contesten dende a Dirección Xeral sobre como podemos cubrir estas funcións.

A praza que sí se vai cubrir é a de administrativo, a que venía ocupando Daniel Rodríguez Fraguela.

Os membros do Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos presentes ACORDAN: aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA Nº 188/2021 DE 30 DE SETEMBRO DE APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.

<<Visto o Decreto que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL


ANTECEDENTES

Vista a circular sobre a elaboración do POS+ ADICIONAL 2/2021 por maior achega da Deputación Provincial da Coruña de xuño de 2021

Vistos os preceptos de xeral aplicación, en especial a devandita Circular de xuño de 2021 sobre elaboración do POS+ ADICIONAL 2/2021 por maior achega da Deputación Provincial.

RESOLVO

1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Obras Reforma na escola de O Castro	60.155,21	0,00	60.155,21
Obras Camiño de Penso a Cubos e outros	59.001,10	0,00	59.001,10
TOTAL	119.156,31	0,00	119.156,31

Mayor achega provincial asignada ao concello	119.156,31
--	------------

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.


7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

8.- A presente resolución pasará a ratificación plenaria na primeira sesión que se celebre.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde D. Benigno Galego Castro en Cerdido a vinte nove de setembro de 2021 do que eu Secretaria dou fe»

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a resolución de Alcaldía nº 188/2021 de data 30 de setembro de 2021 nos termos exactos nos que se aprobou.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

Cerdido, 27 de outubro de 2021.>>

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta que se vai facer na obra do Castro.

O Alcalde di que se trata do cambio de carpintería exterior e habilitar un aseo para persoas con mobilidade reducida.

A concelleira María Amalia Díaz Rodríguez intervén para preguntar se se vai poñer PVC.

O Alcalde sinala que esa é a idea. Poñer PVC con rotura de ponte térmico, pero que dependerá do visto bo de Patrimonio.

A mesma concelleira, María Amalia Díaz Rodríguez, pregunta polos camiños incluídos no segundo proxecto. Concretamente, se se inclúen camiños que están amañando os veciños como o Camiño de Regueirolongo a Freis.

O Alcalde confirma que tal camiño está incluído e continúa dicindo que quitando a parte asfaltada, que está diante da casa de Losada, o resto, ata o técnico dixo que non está tan mal como ti dis en todos os plenos.

A concelleira María Amalia Díaz Rodríguez, di que no primeiro tramo están facendo a cuneta os veciños e que estes lle pediron que lle transmitira ao concello que iso non podía ser.

O Alcalde manifesta que a el non se lle trasladou polos veciños tal cousa; pero, diríxese á concelleira para dicirlle que en todo caso pode trasladar á veciñanza que está incluído.

Os membros do Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos presentes ACORDAN: aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.


4. RATIFICAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO DE CERDIDO AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO NORDÉS

Exp. 2021/G006/000026

Tendo en conta o Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en GALICIA de información pública respecto a solicitude de autorización administrativa previa e declaración de impacto ambiental do anteprojecto do Parque eólico Nordés de 67,2 MW e a súa infraestrutura de evacuación. Código do proxecto: PEol-334 AC, así como o escrito presentado por D. Alberto Rey Paz, como portavoz do Partido Popular no Concello de Cerdido, o día 25 de outubro de 2021 con rexistro de entrada nº 202199900000381

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ratificar as alegacións presentadas polo Concello de Cerdido ao proxecto do parque



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

eólico Nordés o día 6 de outubro de 2021 con rexistro de entrada nº 202190000000071 e que literalmente di:

“AL ÁREA DE INDUSTRIA Y ENERGÍA DE LA DELEGACION DEL GOBIERNO EN GALICIA, DIRECCION GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS. DIRECCION GENERAL DE CALIDAD Y EVALUACIÓN AMBIENTAL. MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA.

D. Benigno Galego Castro con DNI 32679827R en representación do Concello de Cerdido, e actuando como Alcalde do concello y domicilio a efectos de notificación en Felgosas, s/n, 15569, A Barqueira, Cerdido, en relación al "Anuncio del Área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en GALICIA de información pública respecto a la solicitud de autorización administrativa previa y declaración de impacto ambiental del anteproyecto del Parque eólico Nordés de 67,2 MW y su infraestructura de evacuación. Código del proyecto: PEol-334 AC.

Comparezco y formulo las siguientes ALEGACIONES:

PRIMERA.-Primera:

El proyecto está fuera de las Áreas de Desarrollo Eólico de Galicia (ADE): El Plan sectorial eólico de Galicia es el instrumento de ordenación del territorio que regula y ordena la implantación de parques eólicos con la definición de áreas de desarrollo eólico que garanticen una adecuada inserción de estas infraestructuras e instalaciones en el territorio.

El artículo 6.4 de la Ley 8/2009, de 22 de diciembre, por la que se regula el aprovechamiento eólico en Galicia y se crean el canon eólico y el Fondo de Compensación establece: ";No podrán implantarse parques eólicos fuera de las áreas incluidas en el Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción de las modificaciones sustanciales de los parques en funcionamiento en los términos que se desarrollen reglamentariamente, así como aquellos proyectos que tengan una clara incidencia territorial por su entidad económica y social, posean una función vertebradora y estructurante del territorio y sean declarados como tales por el Consello de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de energía”

SEGUNDA.- No se ha informado, ni en la fase de consultas ni en la de información pública, a los concellos, asociaciones y vecinos, propietarios de los montes afectados, impidiéndose que lo conozcan y aleguen e incumpliendo las obligatorias exigencias del Convenio de Aarhus y la Ley 27/2006 sobre información y participación pública.

TERCERA.- Supone graves afecciones a la salud de las poblaciones cercanas. Tanto el P.E. Nordés como su línea de evacuación se encuentran proyectados a escasos 540 metros. de varios núcleos de población. El tamaño de los aerogeneradores 167,5 m. de altura total y los graves efectos acreditados sobre la salud debido al ruido, infrasonidos, campos electromagnéticos..., recomiendan que los parques eólicos se sitúen a más de 2 kilómetros de los pueblos y de las viviendas residenciales.

CUARTA.- El proyecto no se adecúa a la ";Zonificación ambiental para energías renovables: Eólica y Fotovoltaica; del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. El Plan Nacional Integrado de Energía y Clima (PNIEC) 2021-2030, cuya versión final fue adoptada por el Acuerdo



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

del Consejo de Ministros de 16 de marzo de 2021, no establece ningún mecanismo de planificación territorial. Por ello, el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, a través de la Subdirección General de Evaluación Ambiental de la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, ha elaborado una herramienta que permite identificar las áreas del territorio nacional que presentan mayores condicionantes ambientales para la implantación de estos proyectos, mediante un modelo territorial que agrupe los principales factores ambientales, cuyo resultado es una zonificación de la sensibilidad ambiental del territorio. El proyecto ubica la mayoría de los aerogeneradores en zonas con indicadores de exclusión de energía eólica. Sólo en el municipio de Cerdido: AE06 (Cerdido) Prado de Rediz, AE07 (Cerdido) sobre do Muro do Cas, AE08 (Cerdido) Lixelas, AE12(Cerdido) Brañas de Carracedo y AE13 (Cerdido) O Pozón.

QUINTA:

El Estudio de Impacto Ambiental obvia las indicaciones del documento "Alcance de Estudio Ambiental de Proyecto de Parque Eólico Terrestre", diciembre de 2020, elaborado por la Red de Autoridades Ambientales constituida a propuesta de la Comisión Europea y coordinada por el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Dicho documento indica considerar y evitar alternativas al menos con los siguientes criterios ambientales:

Incompatibles con la planificación sectorial/ territorial de energía o con los instrumentos de ordenación del territorio y planificación del suelo.


En áreas donde perjudiquen las estrategias de desarrollo local o rural del territorio, o deterioren la aptitud del medio rural para el restablecimiento de la población, o sean incompatibles con otras formas de desarrollo sostenible susceptibles de generar más empleo y de fijar más población en el medio rural. que provoquen un gran rechazo de la población local y sus instituciones. . De parques y subestaciones a menos de 2 km de núcleos habitados, áreas con usos sensibles (residencial, sanitario, docente o cultural) o viviendas.

De tendidos eléctricos de alta tensión a menos de 200 m de núcleos habitados o a menos de 100 m de viviendas aisladas.

De parques eólicos en espacios pertenecientes a la Red Natura 2000 y en su inmediato entorno (1-5km para ZECs/LICs con quirópteros y 2-10 km para ZEPAs), y en espacios naturales protegidos de cualquier tipo y áreas protegidas por instrumentos internacionales y sus respectivas zonas periféricas de protección.

De parques en áreas críticas de planes de conservación o recuperación de especies amenazadas de flora o fauna (aves y quirópteros).

De parques y de tendidos aéreos sobre elementos de infraestructura verde formalmente reconocidos por su valor para la migración o el movimiento de las aves o quirópteros (corredores ecológicos entre espacios Natura 2000, zonas de concentración de flujos migratorios o zonas vitales para la movilidad de especies clave), así como sobre otros elementos del paisaje que siempre tienen función de conectividad para aves o quirópteros: ríos, humedales, collados de montaña, bosques isla, refugios u otros focos de concentración.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

Del parque o subestación que ocupen dominio público hidráulico (incluida la red hidrográfica y los humedales permanentes o estacionales), zona de servidumbre, zonas inundables o zonas de protección de captaciones.

Que ocupen montes de utilidad pública, vías pecuarias, otros bienes de dominio público o elementos declarados infraestructura verde.

En Lugares de Interés Geológico, de parques, tendidos o subestación dentro o en el entorno de paisajes naturales o culturales protegidos, de áreas con objetivos de calidad paisajística incompatibles con la presencia de los parques, o de áreas englobadas en catálogos de paisajes singulares o sobresalientes.

Con nivel riesgo de impacto ambiental frente a accidentes graves o catástrofes muy elevado.

SEXTA.-Falta de análisis de la afección a la candidatura del "Geoparque Cabo Ortegal". El Estudio de Impacto Ambiental no tiene en cuenta el impacto del proyecto sobre la candidatura a la UNESCO de la "Propuesta de Geoparque Cabo Ortegal" que, atendiendo al artículo 50. de la Ley 42/2007, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, adquirirá la consideración de área protegida por instrumentos internacionales al ser declarado por la UNESCO. La importancia y singularidad del patrimonio geológico del área donde se ubica el proyecto del Geoparque del Cabo Ortegal es más que reconocida. De hecho, el territorio cuenta con lugares de interés geológico de relevancia mundial, dentro del contexto geológico no16 "Orógeno Varisco"¹; y, especialmente, del contexto geológico no21 "Complejos ofiolíticos de la Península Ibérica" recogidos en Anexo VIII-2 de la Ley 33/2015 por la que se modifica la Ley 42/2007 de Patrimonio Natural y Biodiversidad. El Complejo del Cabo Ortegal concentra el 75% de los LIG identificados en el ámbito nacional como representativos del contexto geológico no 21 y no existe ningún Geoparque en el territorio español que cuente con lugares de interés geológico de relevancia internacional para este contexto. La declaración de la candidatura Geoparque del Cabo Ortegal, por su singularidad y reconocimiento. A nivel nacional e internacional, supondría un impulso significativo a la Red de Geoparques Española cara a la conservación y valorización del patrimonio geológico, además de representar un proyecto para el desarrollo sostenible de este entorno rural.


SÉPTIMA.-Falta de análisis de la afección del proyecto a las explotaciones forestales, madereras y agroganaderas. El Estudio de Impacto Ambiental no analiza el impacto, económico y social, sobre las explotaciones en el área de afección del proyecto. En este sentido, los rendimientos madereros constituyen una importante fuente de ingresos para las economías de las familias locales representando una afección severa (en todas sus fases - construcción, funcionamiento y explotación-) a muchas explotaciones forestales y madereras. La instalación de los aerogeneradores, sus infraestructuras de evacuación y los distintos accesos y viales tiene como consecuencias directas:

Fragmentación de las explotaciones.

Perdida de base territorial.

Perdida de ingresos de las familias.

Perdida de ingresos en la cadena de valor del sector: empresas de silvicultura, aserraderos,



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2021/G010/000006

carpinterías, de transformación, etc. Tal y como recoge la Ley 7/2012 de Montes de Galicia, el monte es un sector estratégico de la economía gallega que contribuye a mitigar el cambio climático.

OCTAVA.-Afección al Camino a Santo André de Teixido y falta de análisis de dicho impacto sobre el desarrollo local. Los Caminos a Santo André de Teixido son el segundo lugar de peregrinación más visitado de Galicia después de Santiago de Compostela. La Evaluación de Impacto Ambiental no ha tenido en cuenta el impacto social y económico del proyecto sobre los caminos de peregrinación a San Andrés de Teixido, ni el plan de acción previsto en el proyecto "Diagnóstico y paquete de medidas para la promoción del Camino de Peregrinación a San Andrés de Teixido" de 2019, ni el "Informe de auditoría de los Caminos a San Andrés" realizado en el 2020.

NOVENA.-Falta de estudio de afecciones a recursos hídricos. La evaluación de impacto ambiental no incluye el hidrológico e hidrogeológico sobre acuíferos y tampoco la afección a las zonas protegidas de agua potable (ZPAP) existentes.

DÉCIMA.-Indeterminaciones en la evaluación de impacto acústico. En el informe se incluyen cuadros de aislamientos mínimos a ruido aéreo entre estancias y entre estas y fachada de edificios como referencia, si bien las viviendas objeto de este análisis de impacto, dada su antigüedad pueden no estar preparadas al efecto independientemente al uso, y debe ser considerado a efectos de calcular el nivel de ruido originado por las nuevas fuentes de ruido (Aerogeneradores) en dichas estancias. El nivel de aislamiento de fachada a las diferentes estancias puede ser inferior a los mínimos reflejados en las tablas de referencia. Tampoco se evidencian los rangos de frecuencia del espectro de ruido dada las diferentes sensibilidades de las personas y nivel de molestia asociada, tanto en el interior de vivienda/edificación o de actividad en el exterior (agricultura, ganadería, etc). El valor de ruido ambiente de día y de noche asumido en el estudio se considera constante y con un nivel de 40dB. Esta hipótesis, dadas las características rurales del entorno no se justifica ni se evidencia por ningún cálculo estimativo o medidas reales. La afectación en cuanto a percepción real de los efectos negativos a nivel acústico originado por los aerogeneradores propuestos, podría estar enmascarada por valores superiores al nivel real de ruido ambiente. Se debe aportar calculo justificativo o medidas de estos niveles de ruido y su variación a lo largo del día y año. Los niveles de ruido estimados originados según la distribución geográfica de los aerogeneradores considera valores medios ponderados si bien para determinadas condiciones y localizaciones, dada la proximidad de algunos generadores puede haber fluctuaciones al alza de nivel en ciertos intervalos espectrales por interferencia constructiva entre las diferentes emisiones acústicas de los aerogeneradores. No se evidencia en el estudio el equilibrio de nivel entre las componentes espectrales dentro del espectro de emisión de ruido de los aerogeneradores. Existe normativa acústica de referencia donde no se permiten variaciones de nivel en un determinado intervalo espectral superior a un umbral determinado a partir de los niveles de otros intervalos extremos (representación espectral a 1/3 octava). En el estudio no se justifica ni evidencia el nivel de ruido de caso peor (el máximo) en cuanto a potencia máxima del grupo de aerogeneradores y velocidad de giro del rotor frente a la acción del viento (en sus diferentes velocidades, direcciones y ángulo de ataque relativo al plano del rotor del aerogenerador) a lo largo del año. Falta en el estudio la identificación de nombres de núcleos, o viviendas potencialmente afectadas. La falta de estos datos supone una situación de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

indefensión por lo que el trámite de información pública debe realizarse con indicación concreta afecciones.

UNDÉCIMA. No hay estudios previos sobre la afección a las señales tanto de TDT como de telefonía móvil la promotora no ha realizado estudios de medidas de cobertura en las localidades del entorno, con la finalidad de comprobar que no se va a producir en el futuro pérdida o degradación de esta.

Por todo lo anterior, SOLICITO del ÁREA DE INDUSTRIA Y ENERGÍA DE LA DELEGACION DEL GOBIERNO EN GALICIA, DIRECCION GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS. DIRECCION GENERAL DE CALIDAD Y EVALUACIÓN AMBIENTAL. MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA, que, debido a que genera impactos severos sobre la salud, el medioambiente y el paisaje, proceda a la denegación de la autorización y a la declaración de impacto ambiental desfavorable del P.E. Nordés y su línea de evacuación; de por presentado este escrito y formuladas las alegaciones anteriores, teniéndoseme por personado e interesado en el expediente y notificándoseme cuanto en el mismo se acuerde.”

Cerdido, 27 de outubro de 2021>>

O alcalde toma a palabra para indicar que se traen a pleno as alegacións en relación co parque eólico Nordés que foron pactadas con todos os membros electos da Corporación e que esta proposta se inclúe a raíz da presentación polo concelleiro Alberto Rey Paz da seguinte moción:


<<D. Alberto Rey Paz, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cerdido, de conformidade co establecido no artigo 97 do Regramento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación se procede ante o Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN:

MOCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL REXEITANDO O PROXECTO DO PARQUE EÓLICO NORDES.

O mesmo que se fixo en relación ao proxecto do Parque eólico Badulaque propoñemos que esta corporación se posicione de forma clara, mediante unha declaración institucional conxunta, rexeitando o Proxecto do Parque Nordés e de calquera outro parque de estas características que afecte de algunha maneira a este Concello.

Esta declaración debe aclarar que non estamos en contra de este tipo de produción de enerxía, xa que xunto coa hidráulica e a solar, forman parte das enerxías limpas que entre todos debemos defender e potenciar, sen embargo, as características de este tipo de proxectos, as súas dimensións, a súa situación, etc, atentan gravemente contra o benestar da xente do rural, e contribuirían, sen dúbida á perda de poboación no Concello e tamén de valor económico de propiedades rústicas e urbanas.

Hai que engadir que a postura institucional vai acompañada dun apoio maioritario dos veciños de Cerdido, como así comprobamos na presentación de máis de 400 alegacións individuais en contra de estes proxectos.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

É por iso que o Grupo Municipal Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a presentación da declaración institucional conxunta de PSOE e PP, dando a esta a oportuna publicidade.

En Cerdido, a 25 de outubro de 2021.>>

O Alcalde explica que con motivo da presentación da moción anterior se dirixiu ao voceiro do grupo popular a fin de pactar o contido desta chegando á conclusión de que o máis axeitado, dado o pouco tempo entre a presentación do escrito e a convocatoria do pleno para preparar unha declaración institucional propiamente dita e a existencia dalgún defecto de forma, era presentar as alegacións pactadas.

O Alcalde di estar de acordo co fondo pero a pretensión dunha declaración institucional conxunta require dun tempo de preparación do que non se dispuña para traer á sesión xa que a moción se presentou o luns á unha da tarde.

O concelleiro Alberto Paz Rey pide a palabra para explicar que a intención da moción era debatir si se facía ou non unha declaración institucional conxunta para deixar claro que non se estaba a favor deste tipo de parques sen necesidade de facer declaracións institucionais deste tipo continuamente con cada parque eólico.

O Alcalde explica que isto foi falado previamente co concelleiro. Que se lle indicou que o escrito non tiña contido de declaración institucional, que tiña defectos de forma como aludir a unha declaración conxunta de partidos políticos en lugar dunha de grupos municipais e que éste estivo de acordo en que se substituíse a moción por unha proposta coas alegacións para ratificar e se fixese referencia á moción e con iso se daba a oportunidade de promover o debate sobre o asunto para que cada quen poidese dicir en sede plenaria o que considerase oportuno sobre o tema.

O concelleiro insiste en que se transcriba na acta a moción e se faga unha declaración institucional.

O Alcalde móstrase de acordo e indica que se elabore polo concelleiro un borrador e despois se fai a declaración institucional.

Os membros do Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos presentes ACORDAN: aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.


5. MOCIÓN SOBRE A PROBLEMÁTICA DOS DANOS CAUSADOS POLO LOBO NAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS E AGRÍCOLAS

<<Exp. 2021/G006/000027

Presentado o escrito por parte de **Roberto García González, Secretario Xeral de Unións Agrarias**, o cal se copia deseguido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha poboación de lobos que se estima no entorno dos 700 exemplares, repartidos nuns 90 grupos. Esta poboación é superior á da toda Francia (cuns 500 exemplares censados) ou á de toda Escandinavia (cuns 450 lobos censados). Os expertos calculan que hai 14.000 lobos en Europa, dos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

cales o 20% están en España, e o 30% deles en Galicia.

As denuncias por ataque de lobo á gandería aumentaron nun 126% en Galicia entre 2014 e 2019. Un feito que semella reflectir que, a falta dun censo actualizado, a poboación de lobos estaría aumentando en Galicia nos últimos anos. Asemade, a comarca de Ortelgal configúrase como unha das comarcas con maior densidade de poboacións de lobos a nivel mundial, segundo as prospeccións realizadas no 2019 e 2020 por investigadores do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader) da Universidade de Santiago de Compostela.

A pesares da súa recente inclusión no catálogo LESPRES que aumenta o nivel de protección, o lobo non está en perigo de extinción en Galicia, moito menos na comarca de Ortelgal. E ninguén no rural galego avoga pola súa desaparición, senón pola convivencia garantida a través dunha xestión das poboacións con criterios científicos e técnicos; baseada en varios piares: a indemnización dos danos aos gandeiros; a xestión de restos de animais para unha alimentación disuasoria con criterios científicos e técnicos; e a caza regulada, igualmente con criterios científicos e técnicos. Por último, axudas para medidas preventivas.

Este Concello polo tanto quere amosar o seu compromiso coa conservación do lobo ibérico en Galicia como expoñente irrenunciante da fauna ibérica e elemento fundamental para a conservación do equilibrio natural dos ecosistemas.


Non obstante, e segundo o exposto, é preciso tomar medidas de xestión na comarca de Ortelgal. Toda vez que os danos que está a producir o lobo na cabana gandeira extensiva desta comarca: vacún, equino, ovino e cabrún; e a alarma social que está a provocar en localidades como **Cerdido**; precisan de medidas urxentes que restablezan a tranquilidade dos profesionais do agro e familias do rural.

No caso dos ataques do lobo nas entornas das casas, coa morte de cans nas portas mesmas das vivendas, hai que salientar que se trata dun comportamento de alto risco cara ás persoas, especialmente os nenos. Situación que se está a padecer en concellos limítrofes o que implica un elevado risco para os habitantes próximos deste concello. Non se pode ignorar que en Galicia están documentados ao longo do século XX alomenos 5 mortes de cativos entre os anos 1938 e 1974 pola acción do lobo. E que un comportamento de exemplares, ou mesmo grupos de lobos, nos que este depredador capaz de matar animais con peso superior á media tonelada perde o medo e a distancia co ser humano á hora da caza, configura un escenario de alto risco inasumible para as familias involucradas. E que precisa de medidas acordes ao nivel de perigo potencial que se está a dar na seguridade das persoas.

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos, como Administracións máis próximas, expresando as súas inquedanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica nuns casos; e a propia seguridade persoal de cativos noutros.

É por iso, que esta alcaldía considerando que é preciso encarar esta problemática e buscar solucións,

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

Instar a Xunta de Galicia que asuma a grave problemática dos danos causados polo lobo nas explotacións gandeiras e agrícolas:

- a. Tomar medidas de xestión da poboación de lobos na comarca de xeito que a presenza desta especie sexa compatible coa práctica da gandería en extensivo; actividade directamente ameazada de extinción polo abandono debido ao desánimo dos gandeiros a causa dos reiterados ataques. Unha situación que supón unha seria ameaza para a supervivencia e conservación deste tipo de produción no rural galego.
- b. Adoptar medidas para unha xusta indemnización económica dos animais mortos polo lobo de xeito que os pagos aos gandeiros sexan áxiles (tres meses máximo entre a comprobación da morte do animal e o pago); que cubran o prezo real de mercado da res morta; e teñan en conta outros factores, como o lucro cesante.

En Cerdido a 27 de outubro de 2021>>

O Alcalde toma a palabra para resumir o contido da proposta explicando que o que se pretende é lograr un equilibrio entre as explotacións gandeiras e as súas necesidades, o número de lobos e a súa protección.

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta de quen é a proposta.

O concelleiro Cándido Prieto Lago reposta que é de Unións Agrarias pero que a fan do equipo de goberno.

O concelleiro Alberto Rey Paz indica que ata o 31 de decembro, que entra en vigor a nova Lei de protección do lobo, pódenselle pedir axudas á Xunta polos danos do lobo pero que a partir desa data a competencia é do Ministerio.


O concelleiro Cándido Prieto Lago responde que o Plan de Xestión do lobo é do ano 2009 e o resto de normativa é máis antiga. O último lobo abatido é de 2013. A Xunta non pode dicir que deixa de pagar as axudas polo dano do lobo. Mentres non chegue a un acordo co Ministerio terá que pagalas e logo reclamar.

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta ao anterior se a súa proposta é a caza e lémbrale que a caza está prohibida polo Ministerio.

O Alcalde intervén para dicir que o número de lobos é elevado e está creando problemas cos gandeiros. Así que a solución actual é a caza. O Ministerio está negociando coas Comunidades Autónomas. Nós instamos á Xunta para que leve o noso apoio a esa Mesa que está negociando. Non se trata dunha pelea PP/PSOE que aquí non se da. A Xunta sigue tendo competencias; outra cousa é que se prohiba a caza do lobo polo Ministerio.

O concelleiro indica que a proposta parécelle incompleta en canto a que non hai ningunha referencia ao Ministerio.

O Alcalde propón incluír na proposta ademais da Xunta de Galicia ao Ministerio de Transición Ecolóxica.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

O concelleiro Cándido Prieto Lago pide a palabra para dicir que a Xunta di que non vai deixar de pagar as indemnizacións pero non propón unha solución. Ten que buscar unha alternativa transitoria mentres non se leva a cabo un acordo na Mesa de negociación Ministerio-Xunta.

Por último, o concelleiro Alberto Rey Paz, insiste en que cré que despois do 31 de decemebro a Xunta non ten competencias na materia.

Os membros do Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos presentes ACORDAN: aprobar a proposta incluíndo a referencia non só á Xunta de Galicia, senón tamén ao Ministerio de Transición Ecolóxica nos termos seguintes: “Instar a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Transición Ecolóxica...”.

6. DAR CONTA DOS DATOS DO PERÍODO MEDIO DE PAGO.

<<Exp. 2021/G006/000025

Dar conta dos datos do período medio de pago

En cumprimento do disposto no artigo 12.2 da Ley 25/2013, do 27 decembro de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas en el Sector Público, onde se establece que o órgano de control interno avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade, e considerando os expedientes sobre morosidade que se remiten ao Ministerio de Facenda no prazo legal establecido, e a que fai referencia o articulo 10 de a Lei 25/2013, extráense os seguinte datos:

Período medio de pago a provedores 2º trimestre do 2021

Entidad	Ratio Operaciones Pagadas (días)	Importe Pagos Realizados (euros)	Ratio Operaciones Pendientes (días)	Importe Pagos Pendientes (euros)	PMP (días)
Cerdido	9,28	114.116,65	31,51	77.105,00	18,24
PMP Global		114.116,65		77.105,00	18,24

$$PMPi = (ROPi * IPRI + ROPPi * IPPi) / (IPRI + IPPi)$$

Período medio de pago a provedores 3º trimestre do 2021



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006



- Inicio
- Captura
- PMP
- Morosidad

Datos PMP Tercer trimestre de 2021

Entidad	Ratio Operaciones Pagadas (días)	Importe Pagos Realizados (euros)	Ratio Operaciones Pendientes (días)	Importe Pagos Pendientes (euros)	PMP (días)
Cerdido	11,93	150.412,75	69,72	49.434,30	26,22
PMP Global		150.412,75		49.434,30	26,22

$$PMPi = (ROPi * IPRI + ROPPi * IPPi) / (IPRI + IPPi)$$

En Cerdido a 27 de outubro de 2021>>>

Os membros do Pleno danse por enterados dos datos de PMP correspondentes ao segundo e terceiro trimestres.

7. RELACIÓN DE DECRETOS DA ALCALDÍA PARA DAR CONTA NO PLENO ORDINARIO DE OUTUBRO.

A relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no Pleno ordinario de agosto é a seguinte :

<<Exp. 2021/G006/000022

Relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no Pleno ordinario de outubro

Decreto	Fecha	Asunto
156/2021	20-08-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Gangoa, 3, Cerdido
157/2021	23-08-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Covelo, 11, Os Casás
158/2021	23-08-21	pleno de 27/08/2021
159/2021	25-08-21	Contrato Menor para servizo para a dilección de obra e coordinación de seguridade y saúde da obra Camiño de Chao a Sete e outros exp. 2021/C003/000003
160/2021	31-08-21	Contratación da obra Camiño de Chao a Sete e outros, AGADER 2021/2022
161/2021	31-08-21	Aprobación de facturas e nóminas agosto 2021
162/2021	01-09-21	Contrato Menor para a proxección da película Dios Mio, ¿pero que te hemos hecho ahora? da Rede Cultural da Deputación da Coruña
163/2021	03-09-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Freis, 7B
164/2021	07-09-21	Data inicio do nomeamento do secretario titular do Xulgado de Paz



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

165/2021	07-09-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Penso, 3, Cerdido
166/2021	07-09-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Pedra Chantada, 3, Os Casás
167/2021	07-09-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Lubeira, 1, A Barqueira
168/2021	08-09-21	Contrato menor para soporte informático durante o ano 2021
169/2021	08-09-21	Contrato menor para a adquisición de 2 desbrozadoras de mochila
170/2021	08-09-21	Contrato menor do Plan de control de calidade valorado da obra "Proxecto de asfaltado en camiños do Concello de Cerdido" AGADER 20-21 Pista Chao
171/2021	08-09-21	Rexistro Municipal de Asociacións a nome de Asoc. de veciños Porto do Cabo
172/2021	08-09-21	Rexistro Municipal de Asociación da Escola de Fútbol Irmandiños
173/2021	08-09-21	Inicio expediente de contrato menor Melloras da ETAP de Cerdido
174/2021	10-09-21	Solicitud Xeral a nome de UNIÓN DEPORTIVA CEBARCA. Solicita: Dende a UD Cebarca solicitamos o pavillón municipal de 17:00 a 21:00 do sábado día 11 de setembro. Solicitamos tamén unhas mesas, uns bancos e hidroxel para cumprir co protocolo
175/2021	10-09-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Cubos, 2, Cerdido
176/2021	14-09-21	Relación de recibos correspondentes ó mes de agosto do 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
177/2021	14-09-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Porto, 33, A Barqueira
178/2021	14-09-21	Contratación de auxiliar de axuda a domicilio por baixa da titular
179/2021	16-09-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Soosloureiros, 15, A Barqueira
180/2021	13-09-21	Solicitud de cambio de vehículo auto turismo de servizo público taxi
181/2021	17-09-21	Contrato Menor Melloras da ETAP de Cerdido
182/2021	17-09-21	Solicitud de uso dun local do Castro
183/2021	24-09-21	Solicitud de uso das instalacións municipais
184/2021	28-09-21	Aprobación nóminas setembro 2021
185/2021	29-09-21	Contrato menor para a adquisición de balóns de fútbol
186/2021	29-09-21	Contrato menor para a adquisición de guantes e máscaras de protección
187/2021	29-09-21	Asunción provisional das funcións de tesourería polo secretario interventor
188/2021	30-09-21	POS+ Adicional 2/2021 por maior achega da Deputación
189/2021	30-09-21	Contrato Menor Subministro de biotrituradora a toma de forza hidráulica para acoplar a tractor
190/2021	29-09-21	Reserva de instalacións
191/2021	30-09-21	Contrato menor para a adquisición de guantes para o persoal do SAF
192/2021	30-09-21	Aprobación pago débeda Seguridade Social
193/2021	30-09-21	Contrato menor Servizo socorrismo e monitorado piscina municipal



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

194/2021	06-10-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Vilela, 8, Cerdido
195/2021	07-10-21	Aprobación facturas mes de setembro de 2021
196/2021	07-10-21	Aprobación pago IRPF e IVE do 3º trimestre de 2021
197/2021	07-10-21	Relación de recibos correspondentes ó mes de setembro do 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
198/2021	08-10-21	Convenio de colaboración en materia de persoal entre o concello de Cerdido e o concello de Valdoviño
199/2021	13-10-21	Solicitud de autorización de uso dun local da casa da cultura para o curso de bolillos
200/2021	14-10-21	Solicitud de autorización para usar o pavillón polideportivo para clases de patinaxe
201/2021	19-10-21	Alta no padrón municipal de habitantes en Pedra Chantada, 1, Os Casás
202/2021	15-10-21	Reserva de instalacións
203/2021	14-10-21	Alta no padrón municipal de habitantes Abelleira de Arriba, 7, A Barqueira
204/2021	25-10-21	Alta no padrón municipal de habitantes

En Cerdido, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde>>

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta polo Decreto 171/2021 sobre a inscrición da Asociación de Veciños de Porto do Cabo no Rexistro Municipal de Asociacións.

O Alcalde contéstalle que se trata dunha asociación de veciños nova que solicitou inscribirse no Rexistro Municipal.

Pregunta o mesmo concelleiro se son do concello, ao que responde o Alcalde que sí que collen parte do concello.

8.- ROGOS E PREGUNTAS


O concelleiro Alberto Rey Paz presenta un rogo en relación co estado do paseo fluvial que ten desperfectos e está esvaradizo e pregunta polo conflito ocasionado por un sinal de 2 tn en Vilela.

O Alcalde contesta sobre esta última cuestión que xa está listo o novo sinal; que o problema foi que un camión levou cun ferro unha esquina dunha casa e que agora as empresas están avisadas de que teñen que comunicar que van pasar e o concello ponse en contacto cos veciños.

A concelleira María Amalia Díaz Rodríguez di que no Regueiro a entrada ás casas está desmantelada e os veciños piden que se amaíne.

O Alcalde responde que esa actuación está incluída no proxecto de Agader que se está executando agora.

Ás 10:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000006

a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, M^a Yolanda Ares Bao

O alcalde, Benigno Galego Castro